

Facultade de Filoloxía e Tradución
Universidade de Vigo

Comisión de Calidade 15/11/2018

Acta da sesión ordinaria da Comisión de calidade da facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 15 de novembro en sesión presencial.

Asistentes:

Presidencia

Luis Alonso Bacigalupe

Secretaría

Dolores González Álvarez

Membros da CC

Sector profesorado

Inmaculada Báez Montero

Helena Cortés Gabaudán

Miguel Cuevas Alonso

Jorge Figueroa Dorrego

Lourdes Lorenzo García

Ana Luna Alonso

Carmen Luna Senllés

José Montero Reguera

Alexandre Rodríguez Guerra

Nuria Yáñez Bouza

José Yuste Frías

Desculpan

Maribel del Pozo Triviño (enlace igualdade)

Francisco José Ledo Lemos (PDI)

Ana María Pereira Rodríguez (PDI)

Raúl Manuel Pérez Álvarez (estudante)

Rosalía Rodríguez Vázquez (PDI)

Non asisten

Alba Gil Vicente (estudante)

Belén Otero Rey (PAS)

Tania Souto Rodal (estudante)

Ábrese a sesión ás 10:05.

Orde do día

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior (sesión ordinaria de 30/05/18)

Apróbase por asentimento.

2. Informe do Decano

O Decano dá a benvida aos novos membros da Comisión de Calidade: a secretaria da comisión, a directora en funcións do departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá, os novos coordinadores do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios e do Grao en Linguas Estranxeiras, a representante do PAS e aos novos representantes do profesorado.

Tras as benvidas, o Decano informa sobre o debate no Consello de Goberno acerca da futura modificación do regulamento de TFGs e TFMs da Universidade de Vigo. A proposta do equipo de goberno é que cada título escolla o seu modelo de avaliación dos traballos entre os tres seguintes:

1. Tribunal unipersoal: dúas modalidades (que o tribunal sexa a persoa titora ou que sexa un/unha docente diferente ao titor/a).
2. Tribunal de varios membros (diferentes ao titor/a)
3. O alumnado pode escoller entre o 1 e o 2.

Á espera dun borrador do novo regulamento o Decano insta a que se vaia abrindo o debate nos diferentes títulos.

A profesora Báez intervén para dicir que o modelo que temos actualmente na FFT é excelente pero que carecemos de recursos e capacidade para sostelo.

A continuación o decano informa de que a proposta orzamentaria para o vindeiro ano reduce o orzamento do centro en 13.000 euros. Lamenta que, como en anos anteriores, non houbera marxe de negociación pois tivo que dar a súa aprobación en menos de 24 horas. O equipo de goberno argumenta que a baixada se debe a vontade do novo equipo de cumprir a súa promesa electoral de reducir a intensificación dos docentes. O Decano enviou un escrito á reitoría queixándose da redución orzamentaria porque coa nova RPT o centro asumiu os gastos da unidade departamental. Ademais solicitou a modificación na limitación do crédito adicado a publicidade, claramente insuficiente para un centro con 7 títulos e problemas de matrícula nun deles. O equipo de goberno parecía receptivo a esta solicitude pero finalmente non se incluíu na proposta de orzamentos.

O Decano informa tamén da xuntanza que tivo co Vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, J. Luis Míguez, para que en materia de infraestruturas a reforma do decanato sexa unha prioridade no ano 2019. Por outro lado e aproveitando unha carta do PDI de Químicas sobre os espazos que ocupa no edificio Newton, o Decano pediu que o edificio Newton pasase na súa totalidade á titularidade da FFT dados os problemas de espazo na facultade.

O Decano remata o seu informe felicitando ao profesor Miguel Cuevas (e á profesora Rosalía Rodríguez, que excusou a súa ausencia) pola consecución da importante axuda ministerial para un Laboratorio de Cognición e Linguas que vai posicionar á facultade no seu conxunto no lugar que merece. O profesor Cuevas toma a palabra para agradecer a José Montero (decano da FFT cando se iniciou o proxecto) e ao actual decano o seu apoio a esta iniciativa.

Antes de rematar o informe o decano cede a palabra á vicedecana de calidade para explicar as razóns polas que non se convocou ningunha xuntanza da comisión dende o pasado 30 de maio. A vicedecana explica que se perdeu todo o histórico do vicedecanato de calidade da facultade polo que non se conserva ningunha

documentación aínda que pode recuperarse o importante dende a área de calidade. Por outro lado informa que nestes meses recibíronse o informe intermedio da ACSUG sobre a certificación do centro así como as enquisas de avaliación das titulacións. Os puntos febles identificados tanto no informe como nas enquisas foron analizados en reunións cos/coas coordinadores/as dos graos, directores/as de departamento e con representantes do alumnado na procura de solucións. Por último informa que se atenderon todas as peticións que se fixeron na anterior xuntanza da comisión de calidade e recollidas na acta.

3. Reflexión e debate sobre protocolo de control da docencia

A vicedecana informa que tras a análise das enquisas de avaliación das titulacións de grao do centro e do informe de seguimento da ACSUG do plan de melloras da certificación da implantación do SGC da FFT que achegou como adxuntos á convocatoria da comisión, mantivo xuntanzas cas coordinadoras do GTI e GLE, cos directores de departamento de FIFA, Lingua española e T&I e con alumnado do GLE para abordar as cuestións a mellorar que se plantexaban nas devanditas enquisas e no informe. Nesas xuntanzas púxose de manifesto que varios dos problemas poderían abordarse e incluso solucionarse de ter un regulamento de control da docencia na facultade que regulase cuestións tales como a comunicación das ausencias ás aulas ou ás titorías, a recuperación de clases, a comunicación das cualificacións, etc. A vicedecana propón a elaboración dun regulamento deste tipo que xa posúen outros centros da universidade. Apróbase por asentimento.

4. Reflexión e toma de posición sobre a matrícula no curso 2018-2019. Estratexias de captación de alumnado.

O Decano informa das cifras finais de matrícula nos distintos títulos e manifesta a súa inqueda polas baixas cifras acadadas no GLEL. O profesor Montero intervén para dicir que as cifras son similares ás dos outros anos. O ano 2017 no que se completou a matrícula foi excepcional. A vicedecana de calidade engade que as cifras no GTI son tamén preocupantes porque non só non completan as prazas senon que moitas das prazas ocupáronse nos prazos de setembro, cando en anos anteriores os itinerarios de inglés se pechaban en xullo. A profesora Lorenzo comenta que este tema se abordou nun consello de departamento do que xurdiu unha comisión para estudar estratexias de promoción do grao. O profesor Yuste, que forma parte de dita comisión, propón ter mais presenza nas redes sociais aínda que reconece que a xestión das redes sociais esixe moita dedicación. O decano engade que as limitacións orzamentarias no capítulo de publicidade fai moi difícil contratar este servizo fora da facultade. A profesora Carmen Luna propón falar cos orientadores/as dos centros de bacharelato para que coñezan as nosas titulacións. A vicedecana propón considerar a posibilidade de organizar unha semana das linguas con actividades orientadas a dar a coñecer ao público e en especial aos centros de bacharelato que se fai na facultade (na liña da semana das ciencias en Minas, o do Mar en Ciencias do Mar). O debate remata cunha invitación por parte do decano a reflexionar nos distintos departamentos e títulos sobre accións e iniciativas de promoción a desenvolver.

5. Novas instrucións sobre cambios nos procedementos de calidade

A vicedecana de calidade informa que o novo equipo de goberno da universidade introduciu cambios nos protocolos de calidade. O mais relevante atinxe ao informe

anual de revisión do sistema pola dirección, que recupera os antigos informes de seguimento. Pasa a describir polo miúdo en que consiste o informe de seguimento que as coordinacións dos títulos terán que facer para principios do ano 2019. Informa ademais de que a unidade departamental e o portal de transparencia proporcionarán os datos e indicadores necesarios para a análise cuantitativa e cualitativa dos devantitos informes

6. Análise dos plan de mellora e propostas de modificación

A vicedecana lembra ás coordinacións dos graos de que para o informe de revisión do sistema pola dirección deberase avaliar o estado de cada unha das accións de mellora propostas o curso pasado e propor novas accións para o curso actual. Deben ser propostas realistas e viables.

7. Outro asuntos de trámite

A vicedecana informa de dúas solicitudes de cambio de titor de TFG no grao en Tradución e interpretación e da proposta de resolución da coordinadora de grao. Estímase a solicitude de María del Carmen Dadín García pois unha das docentes do grao ofreceu unha praza a maiores das tres preceptivas e non supón agravio comparativo cos estudantes que seguen á reclamante na lista.

A solicitude de Sandra Rodríguez Rey desestímase por supor a asignación de TFG a unha profesora asociada. Por acordo interno do departamento só se asignan TFGs a profesorado asociado cando todo o profesorado a tempo completo tivese as súas tres prazas asignadas.

8. Rolda aberta de intervencións

Os profesores Figueroa e Báez solicitan mais horas de desconto para a coordinación do máster. Solicitan ademais que se intente negociar o recoñecemento da coordinación como cargo de xestión pola ACSUG.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión as 13:10.

Vigo, 15 de novembro de 2018

Visto e prace do Decano

A secretaria (Vicedecana de calidade)

Luis Alonso Bacigalupe

Dolores González Álvarez